

DR. DOMINGO GARCÍA-SABELL

SANTIAGO ,18-XII-1974.

C/ DR. TEIJEIRO. 11

TELÉFONO 59 2116

Sr. D. Luis Seoane.

BUENOS AIRES.

Querido Luis: Hai moito tempo que soio teño novas de tí pola vía de algúns amigos. Sei que traballas moito -como decote. E sei, tamén, que en Xaneiro hemos de contar contigo eiquí. Estou desexando que iso aconteza. Eu na Cruña apenas me entrevisto con Dónega e, nalgunha vegada, con Dieste.

Por certo, o libro euclideán diste debe sair agora do prelo. A pedido do autor fixen un pequeno prólogo. O que me non remata de gustar é o título que lle diu ao libro, "Testamento geométrico".

Agora o que desexo é facerche presente a tí e a Maruxa o noso agarimo pra o Aninovo que, mesmo que semella duro abondo, pra todos nós ha sere fecundo e, en máis de un senso, compensador.

Apertas cariñosas de Elena e miñas pra os dous. E deica pronto. Teu,

*Domingo.*